

galicia

Xacobeo 2021

Os interesados deberán inscribirse e facer a solicitude a través da páxina web da Consellería do Medio Rural:
http://mediorural.xunta.gal/areas/investigacion_e_formacion/transferencia_tecnoloxica/plan_e_actividades/

Os interesados tamén poderán obter a solicitude a través da páxina web da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia



<https://evega.xunta.gal/>



As solicitudes deberán remitirse perfectamente cubertas á EVEGA por:
Fax: 988 788 099 | e-mail: evega.medio-rural@xunta.es
Plan de transferencia para o apoio ás actividades de demostración e de información ao agro galego 2019

ORGANIZA

AGACAL
AXENCIA GALEGA
DA CALIDADE ALIMENTARIA

evega
Estación de Viticultura
e Enoloxía de Galicia

COLABORAN


Ribeiro


ruta do viño do
ribeiro



 Fundación
Juana de Vega



Fondo Europeo
Agrícola de
Desenvolvemento
Rural:
Europa inviste no rural



GOBIERNO
DE ESPAÑA
MINISTERIO
DE AGRICULTURA, PESCA
Y ALIMENTACIÓN



XUNTA
DE GALICIA



TALLER PRÁCTICO

ELABORACIÓN DUN PLAN DE COMUNICACIÓN
DIXITAL COMO FERRAMENTA DE INNOVACIÓN
E MÁRKETING



15 de marzo de 2019

Casa do pobo de Barbantes.
A de MM. VV. Man Común Barbantes
Rúa Ernesto Bello, nº 12. Barbantes.
Cenlle (Ourense)

XUNTA DE GALICIA



PROGRAMA

- 9:00-09:30 Entrega da documentación. Presentación do taller
- 9:30-11:00 Espazos dixitais de interese para unha empresa. Casos de éxito
- 11:00-11:30 Pausa-café
- 11:30-14:00 Elaboración dun Plan de Comunicación Dixital para a empresa

Relatora:

María Porto Corujo | Licenciada en Publicidade e Relacións Públicas
Especialista en xestión de redes sociais

OBXECTIVOS

Os novos tempos traen canda si a necesidade de adaptarse ás novas formas de comunicación e de implementar novas ferramentas de xestión empresarial orientadas a unha comercialización mellor e máis eficiente. Neste contexto, as TIC estanse a amosar como unha fonte de novas posibilidades na xestión empresarial. O deseño dunha web da entidade, a implementación das innovacións no márketing dixital e a venda en liña, constitúen fontes de innovación que permiten mellorar a comercialización dos produtos e abren novas fontes e posibilidades no mercado.

Hoxe en día internet representa un espazo no que toda actividade empresarial precisa contar cunha presenza activa. Neste sentido constitúe un requisito fundamental para

calquera empresa ou proxecto dispoñer dunha páxina web co gallo de obter unha mínima visibilidade na rede. Asemade, a implementación dun Plan de Comunicación Dixital constitúe o alicerce de calquera estratexia que unha empresa vitivinícola e/ou enoturística con presenza na rede deberá desenvolver e implementar para acadar unha xestión eficiente no márketing e a venda en liña.

O Plan de Comunicación Dixital permite analizar, e de ser o caso mellorar, aspectos de importancia empresarial como a presenza da empresa na rede, o coidado da súa imaxe, interaccionar co cliente, etc.

Os obxectivos fundamentais deste taller son:

- Coñecer as vantaxes do uso das TIC na xestión dunha empresa vitivinícola.
- As posibilidades estratéxicas destas no márketing dixital e a venda en liña.
- Coñecer a internet como ferramenta de visibilidade da empresa na rede.
- Aprender a elaborar un Plan de Comunicación Dixital para unha empresa vitivinícola e/ou enoturística.

DESTINATARIOS

Viticultores, adegueiros, enólogos, persoal técnico das adegas e dos consellos reguladores e persoal investigador interesado no tema. Responsables de pequenas empresas e das áreas de márketing que necesiten elaborar un Plan de Comunicación Dixital. Con especial fincapé ás mulleres e mozos/as agricultores/adegueiros en activo. Público interesado en xeral.

INSCRIPCIÓN

Número de prazas: 20

Data de inscrición: ata o día 13 de marzo de 2019